

Valenciana e do País Vasco, constituíron, en exercicio das súas competencias en materia de colexios profesionais, os seus correspondentes colexios oficiais de decoradores.

En consecuencia, en relación coa profesión de decorador, creada e regulada polos decretos 893/1972, do 24 de marzo; 902/1977, do 1 de abril, e a Orde do 22 de setembro de 1973, resulta procedente constituír, mediante esta norma, o correspondente Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Decoradores.

Artigo 1. Creación.

Créase o Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Decoradores como corporación de dereito público que terá personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins conforme a lei.

Artigo 2. Relacións coa Administración xeral do Estado.

O Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Decoradores relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Fomento.

Disposición transitoria primeira. Comisión xestora.

1. No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei, constituirase unha comisión xestora, composta dun representante designado polos órganos de goberno de cada un dos colexios de decoradores que fosen creados pola correspondente normativa das comunidades autónomas e, ademais, un representante do Colexio Nacional.

2. A comisión xestora elaborará, no prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Decoradores, nos que se deberán incluír as normas de constitución e funcionamento dos ditos órganos, con determinación expresa da competencia independente, aínda que coordinada, de cada un deles.

3. Os estatutos provisionais remitiranse ó Ministerio de Fomento, que verificará a súa adecuación á legalidade e ordenará, se é o caso, a súa aprobación por orde ministerial.

Disposición transitoria segunda. Constitución do Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Decoradores.

1. O Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Decoradores quedará formalmente constituído e adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constituán os seus órganos de goberno conforme o previsto nos estatutos provisionais a que se refire a disposición anterior.

2. No prazo dun ano desde a súa constitución, o Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Decoradores elaborará os estatutos previstos no artigo 6.º, 2 da Lei de colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno a través do Ministerio de Fomento.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

3604 *CORRECCIÓN de erratas e erros do Real decreto 786/2001, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.* («BOE» 46, do 22-2-2002.)

Advertidos erratas e erros no texto do Real decreto 786/2001, de 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 12 en lingua galega, do 16 de agosto de 2001, cómpre efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1021, primeira columna, artigo 3, número 2, segundo parágrafo, segunda, quinta, oitava e décima liñas, onde di: «mm²», debe dicir: «m²».

Na páxina 1023, segunda columna, na fórmula, onde di:

$$Q_s = \frac{\sum 1^i G_i q_i C_i}{A} \text{ Ra (MJ/m}^2\text{) ou (Mcal/m}^2\text{)}$$

Debe dicir:

$$Q_s = \frac{\sum 1^i G_i q_i C_i}{A} \text{ Ra (MJ/m}^2\text{) ou (Mcal/m}^2\text{)}$$

Na páxina 1024, primeira columna, na táboa 1.1, na primeira, segunda e terceira columna e na nota, onde di: «ITC MIE-APQ001», debe dicir: «ITC MIE-APQ1».

Na páxina 1034, na táboa 1.3, terceira columna, terceira liña, onde di: «850 < Q_S ≤ 1.700», debe dicir: «850 < Q_S ≤ 1.275».

Na páxina 1039, segunda columna, número 6.1, punto a), onde di: «... co artigo 3...», debe dicir: «... co artigo 1...».

Na páxina 1039, segunda columna, nas liñas 42 e 58, onde dice: «... táboa do punto 7.3.», debe dicir: «... táboa do punto 7.2.».

Na páxina 1040, no cadro resumo, na columna de «Hidrantes», segunda liña, onde di: «(b) Q_H + Q_H/R_H + R_H», debe dicir: «Q_B + Q_H/R_B + R_H».

No mesmo cadro, columnas «Hidrantes» e «Aspersores automáticos», terceira liña, onde di: «0,5 Q_H + Q_{RA} 0,5 R_B + R_{RA}», debe dicir: «0,5 Q_H + Q_{RA}/0,5 R_H + R_{RA}».

No mesmo cadro, columna «Aspersores automáticos», fila «Aspersores automáticos», onde di: «Q_{ra}/R_{ra}», debe dicir: «Q_{RA}/R_{RA}».

Na páxina 1041, primeira columna, número 7.1, segundo parágrafo, última liña, onde di: «co artigo 3...», debe dicir: «co artigo 1...».

Na páxina 1043, primeira columna, número 12, última liña, onde di: «artigo 3...», debe dicir: «artigo 1...».

Na mesma páxina, primeira columna, número 13, sexta liña, onde di: «artigo 3...», debe dicir: «artigo 1...».

Na mesma páxina, primeira columna, número 14, última liña, onde di: «artigo 3...», debe dicir: «artigo 1...».

Na mesma páxina, primeira columna, número 15.1, alínea a), última liña, onde di: «artigo 3...», debe dicir: «artigo 1...».

Na mesma páxina, segunda columna, número 16.3, alínea a), terceira liña, onde di: «... un fallo no 70 por 100...», debe dicir: «... un fallo do 70 por 100».